

Axenda Agraria

REVISTA DE INFORMACIÓN AGROPECUARIA

A FONDO

Balance da campaña da PAC

Xuño 2026 • PVP 5.00€



Entrevista

Ángeles Vázquez. Conselleira
de Medio Ambiente e
Cambio Climático

Reportaxe

O Pladiga 2026 reforza a prevención e a
tecnoloxía co maior investimento da súa
historia



Axudámoste a aforrar

Te ayudamos a ahorrar

E aínda máis, por ser socio de
Y aún más, por ser socio de



5.000
produtos
en promoción
5.000 productos
en promoción



1.000
produtos básicos
ao mellor prezo
1.000 productos básicos
al mejor precio



8.000
un 35% máis baratos
que os líderes
8.000 un 35% más baratos
que los líderes



**Acumulable
en alimentación**



**ChequeAforro
cada 2 meses**
ChequeAhorro cada 2 meses



**15 Cupóns
exclusivos**
15 Cupones exclusivos



EDITORIAL

O sector primario precisa dun marco áxil para non deterse

↑ **Francisco Bello Bello**, *presidente da Asociación Agraria de Galicia, ASAGA.*

O pasado 29 de xuño publicábase no Diario Oficial de Galicia a nova orde para regular o uso de maquinaria nos casos de risco de incendio forestal moi alto ou extremo. O texto define, ao abeiro da normativa autonómica e estatal, as condicións nas que se poden realizar traballos e actividades de carácter preventivo. Isto é, cando hai un nivel de risco elevado e se queiran realizar estas tarefas nas horas centrais do día, deberase contar con unha persoa que vixíe os labores para controlar que non se producen posibles conatos de incendio. Ademais, haberá que dispoñer duns medios materiais de extinción concretos.

Malia que o exceso de regulación non sempre vai en beneficio do sector primario —de feito, moi raramente o fai—, desde ASAGA entendemos a necesidade de establecer limitacións en períodos concretos ou en situacións especialmente sensibles, máis á vista da grave problemática que vivimos en 2025 en Galicia cos incendios. Neste sentido, o sector agrario é sempre o primeiro interesado na prevención. En todo caso, habería que abundar na difusión masiva das recomendacións, para que toda a poboación sexa consciente de cando resulta especialmente perigoso realizar determinadas actividades e das precaucións necesarias ao emprendelas.

De igual modo, esta orde serve como exemplo dunha normativa flexible, capaz de reaccionar ante as condicións conxunturais: defínese dentro do marco do actual Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da normativa estatal, que deixan a suficiente liberdade como para actuar conforme sexa preciso dun xeito rápido e eficiente. Así, esta orde alíñase coas circunstancias meteorolóxicas extremas que estamos a vivir. Nun sector como o agroalimentario, tan dependente de factores externos e cambiantes, a axilidade debería ser unha máxima de actuación no que se refire ás políticas. Pero non sempre é así, como se está a comprobar co caso dunha das pragas que está a golpear os nosos cultivos.

Trátase do verme defoliador do millo e das gramíneas, que esquilma as plantacións deixando só o seu nervio central e devastando hectáreas de terreo. Malia que esta praga está presente en Galicia desde fai décadas, cun episodio especialmente complicado nos 90 do pasado século, nos últimos anos está a volver a descontrolarse. Deste modo, constitúe un problema importante para os propios cultivos pero tamén, por extensión, para outros sectores como o lácteo, onde son habitualmente empregados como forraxe, co que o efecto negativo deste verme pode repercutir nos custos de produción dos gandeiros.

Hoxe en día contamos con maquinaria que permite unha mellor aplicación dos métodos de control químicos de pragas. É o caso dos drones. Estes facilitan unha intervención rápida, máis precisa e segura e malgastando menos produto, co consecuente beneficio non só para o cultivo senón para a propia persoa e o medio ambiente.

Porén, a normativa española e europea prohibe a aplicación de produtos fitosanitarios mediante drones. Isto dificulta a correcta e, sobre todo, áxil aplicación de medidas que poidan mitigar problemas como o do verme defoliador. Pese aos avances nas negociacións a nivel europeo, é incerto que vaia a haber un cambio a curto prazo: a toma de decisións eternízase, máis ancorada nos procesos típicos de séculos pasados que deste século XXI no que o dixital permite alertas e contactos instantáneos.

Así, o sector primario temos que soportar a frustración de contar coa tecnoloxía precisa para poñer freo a un problema que ameaza a toda a nosa produción, pero non poder empregalos porque desde as institucións europeas non hai un sistema áxil de resposta ante estas situacións. O verme non entende de prazos: a este paso, para cando se cambie a normativa xa non queda nada que salvar.

SUMARIO



Edita: Asociación Agraria de Galicia - Praza Carlos Casares Mouríño, 7, entrepranta - 15707 Santiago de Compostela - Telf. 881 019 550 administracion@asaga.gal

Consello editorial: Francisco Bello Bello, Iria Taboada Pérez, Juan A. Pérez Sánchez-Orozco, Manuel Iglesias Noya, Francisco J. Bello Fernández, Pilar Rodríguez Vázquez, Jose Luis García Bello, Lorena Madriñán Fernández.

Asesores científicos-veterinarios: Juan José Gómez Fernández e José Luis Benedito Castelltote

Deseño, maquetación e publicidade: Comunicando Consultoría de Comunicación, S.L. info@comunicando.gal - 651 123 308

Fotografía: Adobe Stock

Imprenta: Peymar Artes Gráficas, S.L.

Depósito legal: C 1025-2013 - © Todos os dereitos reservados.

Rede de oficinas propias e colaboradoras

Praza Carlos Casares - Mouríño, 7, entrepranta
Telf: 881 019 550 • administracion@asaga.gal
15707 SANTIAGO (A Coruña)

Pazo de Feiras e Congresos - Rúa Palomar, s/n
Telf: 982 263 982 • lugo@asaga.gal
27004 LUGO (Lugo)

Rúa Progreso, 74, baixo
Telf: 988 310 812 • arua@asaga.gal
32003 A RÚA (Ourense)

Rúa Cartagena, 2
Telf: 986 581 566 • silleda@asaga.gal
36540 SILLEDA (Pontevedra)

Rúa Carballeira, 21, 1º esqda.
Telf: 986 543 557 • cambados@asaga.gal
36630 CAMBADOS (Pontevedra)

Centro Comercial Pontañas - local B22
Rúa Carballeira da Botica, 5
Telf: 986 781 477 • lalín@asaga.gal
36500 LALÍN (Pontevedra)

Avda. da Milagrosa, 56
Telf: 981 702 090
15100 CARBALLO (A Coruña)



páx. 06



06 **A fondo**
Unha PAC máis verde para Galicia

08 **Entrevista**
Ángeles Vázquez. Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

12 **Formación**
A Xunta reforza o Plan de Formación ao agro



páx. 08

15 **Prevención de Riscos**
O correcto manexo do tractor

19 **Seguros**
O Plan 2026 de seguros pecuarios entra en vigor con 15 liñas

20 **Formación**
Curso de inseminación artificial para gandeiros

A Asociación Agraria de Galicia non se identifica necesariamente coas opinións recollidas nos artigos asinados.



páx. 22



páx. 15

22

Reportaxe

O Pladiga 2026 reforza a prevención e a tecnoloxía

24

Entrevista

Manuel Francisco Gutiérrez. Director Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia

27

Noticias

ALume, detección temperá de incendios forestais



páx. 20

33

Turismo

A seguridade marca o Camiño" reforza a protección dos peregrinos

37

Feiras

A Semana Verde consolídase como un gran escaparate



páx. 37



pax. 33

Unha PAC máis verde para Galicia, pero tamén máis complexa



A campaña de solicitude das axudas da Política Agraria Común (PAC) correspondente a 2026 deixa unha lectura evidente para os que traballamos diariamente á beira dos agricultores e gandeiros galegos. Desde ASAGA consideramos que o sector respondeu de maneira responsable aos novos retos ambientais marcados pola Unión Europea e demostrou, unha vez máis, a súa capacidade de adaptación.

Ao mesmo tempo, tamén comprobamos como a complexidade normativa e a crecente carga documental continúan condicionando o acceso ás axudas e dificultando a xestión das explotacións.

Desde a nosa organización entendemos que a principal conclusión desta campaña é positiva. Como vimos defendendo ao longo dos últimos meses, “a campaña da PAC 2026 demostra o firme compromiso do campo galego por avanzar cara á sustentabilidade e adaptarse ás novas directrices europeas”. Un compromiso que se traduce nunha participación activa

dos produtores nas medidas ambientais impulsadas pola actual reforma da PAC.

Desde ASAGA constatamos o compromiso do sector galego coa sustentabilidade, pero advertimos do incremento das cargas administrativas

De feito, podemos afirmar que “o sector produtor responde positivamente ás esixencias verdes, consolidando prácticas cada vez máis respectuosas coa contorna”.

Custos adicionais

Porén, esta evolución non está exenta de dificultades. A adaptación aos novos requisitos ambientais supón tamén asumir custos adicionais e dedicar máis

recursos á xestión administrativa dos expedientes. Esta realidade foi especialmente visible durante a campaña de 2026, caracterizada por un elevado nivel de control documental e pola necesidade de acreditar con maior detalle o cumprimento das obrigas establecidas.

Un dos principais desafíos cos que nos atopamos nas oficinas de tramitación foi a xestión da titularidade das terras. A redución do limiar a partir do cal é obrigatorio identificar formalmente os propietarios obrigou a recompilar un importante volume de contratos, autorizacións e documentación persoal.

Nun territorio como Galicia, onde o minifundio segue a ser unha das características estruturais do sector agrario, esta medida tivo un impacto especialmente significativo. A fragmentación da propiedade e a existencia de numerosos arrendamentos históricos complicaron o proceso de regularización documental de moitas parcelas.

Ao longo da campaña tivemos que realizar un traballo extraordinario de localización e regularización e, en numerosos casos, atopamos dificultades derivadas da reticencia de particulares a facilitar datos persoais ou formalizar documentalmente situacións que durante anos funcionaron de maneira informal.

Outra das cuestións que concentrou boa parte das consultas recibidas foi a validación dixital das actividades agrarias. A utilización de fotografías xeorreferenciadas para acreditar cultivos e determinadas prácticas converteuse nunha ferramenta habitual dentro dos sistemas de control da PAC.

Aínda que estas tecnoloxías achegan transparencia e seguridade xurídica, tamén evidencian a existencia dunha importante fenda dixital, especialmente entre os produtores de maior idade. Por ese motivo, as oficinas técnicas tivemos que asumir unha función de acompañamento informático.

Consolidación dos ecorrexímenes

Malia as dificultades sinaladas, unha das noticias máis positivas da campaña é a consolidación dos ecorrexímenes. As dúbidas que caracterizaron as primeiras campañas da reforma deron paso a unha situación de maior coñecemento e estabilidade.



Desde ASAGA observamos que prácticas como o pastoreo extensivo, as cubertas vexetais ou as rotacións de cultivos están cada vez máis asentadas dentro do manexo ordinario das explotacións. Neste sentido, consideramos que “o sector é o primeiro interesado na conservación do solo e da contorna porque é o seu principal activo produtivo”.

Reclamamos que a PAC posterior a 2027 teña en conta a realidade do minifundio e garanta a viabilidade das explotacións familiares

A experiencia acumulada durante os últimos anos permitiu tamén optimizar as solicitudes. Os produtores coñecen mellor as distintas opcións dispoñibles e, co apoio técnico das nosas oficinas, conseguen adaptar os expedientes ás diferentes tipoloxías de medidas sostíbeis, reducindo marxes de erro e aproveitando mellor os recursos dispoñibles.

Diversidade de expedientes

A diversidade de expedientes que tramitamos reflicte igualmente a riqueza e pluralidade do rural galego. Nas nosas oficinas conviviron durante esta campaña solicitudes procedentes de explotacións

de vacún de leite, vacún de carne, viñedo, horticultura, agricultura tradicional e explotacións mixtas. Tamén mantivemos unha atención prioritaria ás incorporacións dos máis novos ao sector, un aspecto fundamental para garantir o futuro da actividade agraria.

Precisamente o futuro é o elemento que máis preocupación suscita entre agricultores e gandeiros cando falamos da PAC posterior a 2027. Existe unha crecente sensación de distancia entre o deseño das políticas agrarias e a realidade produtiva das explotacións.

Como trasladamos desde ASAGA, “o campo galego non rexeita a transición cara a un modelo máis sostíbel, pero sente que as ferramentas actuais pen-

lizan a produtividade e esixen un esforzo de xestión que satura a súa xornada laboral”.

Simplificación administrativa

Por iso consideramos que a próxima reforma debe abordar con decisión a simplificación administrativa. A nosa realidade territorial require solucións específicas e unha visión máis adaptada ás características do minifundio. Defendemos que “non se pode xestionar o minifundio cos mesmos criterios de validación documental e cartográfica que as grandes extensións da meseta”.

Do mesmo xeito, entendemos que as medidas ambientais deben incorporar unha maior flexibilidade para adaptarse ás condicións climáticas, produtivas e territoriais da cornixa cantábrica. Outro dos grandes retos será garantir unha compensación suficiente polos esforzos realizados polos produtores. As esixencias ambientais teñen un custo e é necesario que a política agraria comunitaria recoñeza adecuadamente ese esforzo. Ao mesmo tempo, seguimos reclamando reciprocidade nas importacións procedentes de terceiros países para evitar situacións de competencia desigual.

Desde ASAGA estamos convencidos de que o futuro do sector agrario europeo pasa por atopar un equilibrio entre sustentabilidade, produción e viabilidade económica. “A futura PAC debe pivotar sobre o sentido común e o equilibrio. A sustentabilidade ambiental é un obxectivo compartido, pero só será real e duradeira se se garante primeiro a viabilidade económica e o relevo xeracional das explotacións familiares”.





Ángeles Vázquez

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

Somos a primeira comunidade autónoma en fixar por lei o reto de acadar a neutralidade climática en 2040

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia destaca nesta entrevista concedida á *Axenda Agraria* o traballo desenvolvido polo seu departamento nesta lexislatura, no marco da cal se completou o autogoberno do litoral galego co traspaso dos medios, funcións e servizos por parte do Goberno central, entre outros avances.

Estamos a avanzar na creación da que sería a oitava reserva da biosfera de Galicia

Estamos no ecuador da lexislatura. Que balance fai da súa xestión nestes dous anos e cales considera que son os principais retos pendentes ata 2028? Sen dúbida, un dos grandes fitos desta lexislatura foi completar o autogoberno do noso litoral co tras-

paso dos medios, funcións e servizos por parte do Goberno central. Este é o primeiro ano que Galicia xestiona integramente a tramitación da campaña de servizos de tempada e cumprimos un dos nosos principais obxectivos, que era a simplificación administrativa. Agora unha única solicitude electrónica substitúe os cinco formularios en papel que requiría o Goberno central para os trámites sobre os usos ou ocupación do litoral.

Tamén foi un antes e un despois a aprobación da Lei do clima, que nos converteu na primeira comunidade en fixar por lei o reto de acadar a neutralidade climática en 2040 (unha década antes do que pide Europa). Ademais, introduce o clima como eixo transversal das políticas públicas galegas

E temos aínda moitos retos por diante. Estamos avanzando na candidatura da que sería a oitava reserva de biosfera da comunidade autónoma, que tería o seu núcleo central no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, estendendo a súa área de influencia pola costa, desde Fisterra ata Baiona. Coa súa creación, Galicia acadaría 1,2 millóns de hectáreas pro-

texidas, polo que a metade do territorio estará baixo algunha figura de protección.

En Galicia hai 93 mandas de lobos, polo que o estado de conservación da especie é favorable

O Parlamento de Galicia reclama ao Estado un fondo específico para compensar os danos do lobo, pero mentres ese financiamento non chega os ataques seguen a incrementarse. Que ferramentas reais ten hoxe a Xunta para protexer aos gandeiros e que lle está a reclamar exactamente ao Goberno central? Na Xunta somos moi conscientes da delicada situación que está a vivir o sector gandeiro cos ataques do lobo e eles saben ben que estamos ao seu carón e que os apoiamos. Cada ano

convocamos axudas específicas tanto para paliar os posibles danos como para implementar medidas de prevención. En concreto, entre 2016 e 2025 destinamos preto de 13,8 millóns de euros a apoiar este fin. Pola contra, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico ten aínda pendente de transferirnos arredor de 12 millóns de euros correspondentes ás partidas das anualidades 2022, 2023 e 2025 destinadas a axudar ás explotacións gandeiras ante esta situación.

Se os ataques ao gando aumentaron preto dun 70 % desde 2021, considera que as actuais políticas de protección do lobo están a funcionar?

A inclusión do lobo no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe) en 2021 foi un punto de inflexión no que respecta ao número de ataques. De feito, ademais de aumentar os ataques, as reses afectadas pasaron de 2.050 en 2021 a unha media de 3.168 nos últimos dous anos, o que supón un aumento dun 55%. Estes datos deixan claro que o Goberno central actuou de xeito totalmente arbitrario e sen aval científico.

Pola nosa banda, fixemos o que había que facer. Un censo rigoroso e exhaustivo, elaborado tras un intenso traballo de campo. Os resultados estiman unha poboación de 93 mandas de lobos en Galicia, polo que o estado de conservación da especie é favorable. Estes datos, xunto co número de ataques, indican que debería ser posible adoptar, en casos concretos e xustificados, medidas de control que dean seguridade ao sector gandeiro.

A Unidade de Investigación para a Conservación da Natureza (UICON) contribuirá a dificultar a actividade delitiva

De feito, estamos moi satisfeitos de ter conseguido que o Goberno central, logo dun ano de atrancos e sucesivos

aprazamentos, se vaia ver obrigado polas comunidades autónomas a remitir á Unión Europea o informe sexenal do lobo cos datos recollidos polas autonomías.

Vén de rematar o período máis intenso da campaña de control do xabaril no marco da emerxencia cinexética. Que balance fai a Xunta da súa eficacia real na redución dos danos e que indicadores empregan para avaliar se estas medidas están a funcionar?

Desde a Xunta levamos anos traballando para optimizar as medidas de control sobre o xabaril ante os danos que causa nos cultivos e os seus efectos tamén desde o punto de vista sanitario e de seguridade viaria. Entre as medidas adoptadas está efectivamente a declaración da emerxencia cinexética, que é un instrumento adicional ao que recorremos en 2025 por quinto ano, pero tamén outras accións como a axilización entre o 1 de marzo e o 30 de xuño, que é un dos períodos no que se concentran os danos nos cultivos, das autorizacións das medidas para o control e prevención de danos ou a extensión do uso das gaiolas-trampa.



A UICON actuará en calquera punto de Galicia

Que problemas concretos do sistema actual pretende resolver a Unidade de Investigación para a Conservación da Natureza (UICON) que non estivesen xa cubertos polos axentes ambientais ordinarios?

Os axentes ambientais realizan un traballo excepcional na conservación da nosa riqueza natural, pero hai determinadas materias que, pola súa complexidade e carga de traballo, requiren dunha especial dedicación, coñecementos específicos, habilidades e competencias particulares. Ademais, existen determinadas situacións ou problemáticas que non poden ser abordadas dende a perspectiva local ou comarcal, precisando dunha actuación coordinada en toda a comunidade.

De aí a necesidade de contar cunha unidade específica con persoal altamente cualificado, con mobilidade total para atender emerxencias de xeito inmediato en calquera punto de Galicia e cun importante efecto disuasorio xa que a presenza dunha unidade de investigación dificulta a actividade delitiva.

En concreto, a UICON desenvolverá o seu labor nestas áreas: plans de loita contra o furtivismo e o veneno, control de especies exóticas invasoras, verteduras incontroladas, benestar animal e xestión de fauna silvestre

Xa son arredor de 260 as entidades adheridas á Alianza galega polo clima

O Plan Galego de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible (PACES) vense impulsando desde hai anos a través dos concellos co apoio da Xunta. En que punto diría que se atopa agora o seu despregamento real no territorio? Na actualidade o Pacto das Alcaldías polo Clima conta con 285 concellos adheridos. Cando a Xunta puxo en marcha a Oficina Técnica de Asistencia a conce-

llos en 2017 eran 22. Se esta evolución xa é, de por si, unha boa nova sobre a implicación das administracións locais nesta materia, a maiores cómpre destacar que preto do 92% deses concellos adheridos xa elaboraron o correspondente Plan de acción para o clima. Con todo, non é suficiente. O noso obxectivo é chegar ao 100% nesta lexislatura.

Que valoración fai da Alianza galega polo clima e cantas organizacións integra actualmente esta iniciativa?

A Alianza galega polo clima é una iniciativa innovadora que puxemos en marcha no ano 2022 cun obxectivo moi claro: crear un nexo de unión entre a Administración e o tecido produtivo e social para aprender uns dos outros e remar todos na mesma dirección, que é acadar unha Galicia neutra en emisións. Xa son arredor de 260 as entidades adscritas, entre empresas, universidades, centros de investigación, clubs deportivos, etc. O cambio climático é un problema global e son necesarias as achegas de todos para desenvolver accións máis eficientes e efectivas.



A Xunta traballa na loita contra o cambio climático

A unidade de elite UICON reforza a protección ante ameazas á biodiversidade en Galicia

AXunta vén de poñer en marcha a Unidade de Investigación para a Conservación da Natureza, a UICON, un equipo de elite especializado na resposta inmediata ante posibles ameazas á biodiversidade e ao patrimonio natural de Galicia. Esta nova unidade comezou a operar no pasado mes de febreiro, trasladando en maio ao Consello da Xunta o seu Plan operativo.

A UICON está composta inicialmente por un grupo de oito axentes ambientais de alta capacitación técnica, capaces de abordar materias de especial complexidade ou dedicación. O equipo ten mobilidade total para atender emerxencias de xeito inmediato en calquera punto da Comunidade, ante calquera incumprimento da normativa do sector.

Ademais das tarefas de intervención inmediata, coordinadas con outras forzas de ser necesario, entre as súas labores fundamentais está a vixilancia e inspección do territorio galego. Tamén desenvolverán funcións de investigación para determinar a autoría dos feitos, podendo levantar actas, decomisar e trasladar aos servizos xurídicos pertinentes as probas recollidas. Por último, espérase que a brigada teña efecto disuasorio na actividade delictiva.

Áreas de traballo

A acción desta unidade está centrado en seis áreas, entre as que está a loita contra o furtivismo —co obxectivo de disuadir, erradicar e identificar accións ilegais contra a biodiversidade— e o uso do veneno no medio natural. Tamén se ocupará daquelas verteduras incontroladas que poidan danar o territorio, e participará en continxencias ambientais, naquelas situacións que requiran da súa presenza.

Entre as súas labores fundamentais está a vixilancia e inspección do territorio galego

No referente á propia fauna e flora, desde a UICON levarase a identificación, control e, de ser preciso, das estratexias de erradicación de especies exóticas invasoras. A unidade realizará ademais as inspeccións, investigacións e os comisos necesarios para garantir o benestar animal e evitar episodios de maltrato de animais domésticos e, no relativo aos silvestres, ocuparse do traslado


de exemplares feridos aos centros de recuperación.

Dotación persoal e material

Esta brigada móbil actuará en toda Galicia. As oito persoas que a conforman contan con formación específica en criminalística ambiental, en manexo e captura de fauna, e en manexo de tecnoloxía de vixilancia.

A UICON estará dotada con medios tecnolóxicos de última xeración, como drons de alta definición e sensores de temperatura para buscas nocturnas e inspección de humidaes inaccesibles. Ademais, os e as axentes irán equipados con medios de defensa e seguridade persoais, como chalecos antibala, armamento de defensa ante fauna e sistemas de primeiros auxilios avanzados. A nivel de comunicación, terán un sistema con emisoras TETRA con xeo-localización permanente, mentres que no transporte contarán con vehículos 4x4 de alta potencia con preparación para terreos extremos, podendo empregar vehículos camuflados se fose necesario.

Esta é unha iniciativa novidosa, que fai de Galicia unha das primeiras comunidades en contar cunha unidade destas características.



A Xunta reforza o Plan de Formación ao agro con máis cursos e horas lectivas



A formación en Galicia consolídase como unha das principais ferramentas para garantir a competitividade e a modernización do sector primario galego. Neste contexto, desde a Xunta anunciouse recentemente a posta en marcha dun renovado Plan de Formación para o Agro que incorpora 196 accións formativas ao longo deste ano, 27 máis con relación á edición anterior. Na súa totalidade suman máis de 4.500 horas lectivas dirixidas a profesionais do campo e a persoas que desexan incorporarse á actividade agraria.

O programa busca responder aos retos que afronta o sector nun contexto marcado pola transformación tecnolóxica, a sustentabilidade ambiental e a necesidade de asegurar a remuda xeracional. Para iso, a oferta formativa amplíase e diversifícase co obxectivo de achegar coñecementos especializados adaptados ás distintas realidades produtivas do territorio galego.

Formación para incorporarse ao sector

Unha das principais novidades do plan é o reforzo dos módulos de aptitude empresarial agraria, unha formación esencial para aquelas persoas que asumen por primeira vez a titularidade dunha explotación. O incremento do número de cursos e das horas impartidas permitirá ofrecer máis orientacións produtivas e adaptar mellor os contidos ás necesidades específicas dos futuros profesionais.

Esta formación non só facilita o cumprimento dos requisitos necesarios para acceder á actividade agraria, senón que tamén contribúe á creación de redes profesionais entre persoas que comparten intereses e proxectos no medio rural. A transferencia de coñecemento e o intercambio de experiencias constitúen, neste sentido, un valor engadido destas iniciativas.

Tecnoloxía, sustentabilidade e innovación

As accións formativas abranguen ámbitos moi diversos. Entre os contidos previstos figuran materias relacionadas coa gandaría de vacún de leite e carne, ovino e caprino, así como a apicultura, a viti-cultura, a fruticultura ou a olivicultura. A oferta inclúe tamén cursos

centrados na aplicación das novas tecnoloxías ao sector agrario e agroalimentario.

A formación presta especial atención aos sistemas produtivos respectuosos co medio ambiente, á mellora da eficiencia das explotacións, á bioeconomía, á innovación e á dixitalización. O obxectivo é facilitar que agricultores e gandeiros incorporen ferramentas e coñecementos que lles permitan afrontar con garantías os cambios económicos, sociais e tecnolóxicos que experimenta o sector.

Un investimento que medra un 50 %

A aposta pola formación reflíctese tamén no esforzo orzamentario. A Xunta destina preto de 803.000 euros ao desenvolvemento deste programa, o que supón un incremento próximo ao 50 % respecto da edición anterior. Este financiamento conta ademais coa participación do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), que achega o 60 % dos fondos, así como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da propia Administración autonómica.

Os cursos impartiranse en modalidades presencial, telepresencial e semipresencial, facilitando así o acceso á formación desde distintos puntos de Galicia e favorecendo a conciliación da actividade profesional coa actualización de coñecementos.

Estes cursos poden ser habilitantes, é dicir, que proporcionan unha acreditación exixida para desenvolver unha determinada actividade (como a aplicación de fitosanitarios, por exemplo), ou non exixibles.

Unha ferramenta para o futuro do rural

Enmarcado nas políticas europeas de transferencia de coñecemento e na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027, este plan consolídase como unha ferramenta clave para impulsar a innovación, fortalecer o sistema agroalimentario e contribuír ao desenvolvemento sostible do medio rural galego.

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), que abrangue o período 21-27, foi aprobada pola Xunta de Galicia en abril de 2022 e aborda, a través da I+D+i, a mellora da innovación agroalimentaria e forestal galega e a súa capacidade de resposta a diferentes retos e estratexias.

Cambio tecnolóxico

Así, considérase que a formación agraria (agrícola, gandeira e forestal) e da industria agroalimentaria é unha das principais ferramentas de adaptación aos procesos de cambio tecnolóxico económico e social en que están inmersos os sectores agrario e agroalimentario e, en xeral, o medio rural.



60 anos construíndo futuro con Galicia

Ao longo de seis décadas, **Caixa Rural Galega** medrou xunto ás persoas que apostan por unha banca próxima, humana e enraizada.

Foron anos de esforzo compartido, apoiando proxectos clave para o desenvolvemento económico e social, mantendo valores como proximidade, cooperación e responsabilidade.

Celebramos esta historia mirando ao futuro, cunha banca innovadora e accesible.

**Grazas por formar
parte destes 60 anos!**

**Seguimos comprometidos
contigo, coa nosa terra e co
futuro que construímos xuntos.**



caixaruralgalega.gal



rvía
pay

Síguenos!



Galicia activará unha plataforma contra o desperdicio alimentario

Galicia contará cunha plataforma web destinada a facilitar o aproveitamento de produtos alimentarios que non atopan saída comercial e que, en moitos casos, rematan convertidos en residuos malia conservar todas as súas condicións para o consumo.

A Consellería do Medio Rural desenvolverá unha estratexia específica con varias medidas

A iniciativa formará parte da futura Estratexia de prevención de perdas e loita contra o desperdicio alimentario en Galicia, unha folla de ruta coa que a Xunta busca reforzar as accións xa existentes e promover unha maior concienciación social arredor deste problema.

Alimentos “imperfectos”

A través deste sitio web, os produtores poderán ofrecer alimentos que non foron vendidos ou que non cumpren determinados criterios estéticos de tamaño, forma ou cor esixidos polo mercado. Estes produtos, considerados como alimentos “imperfectos”, poderán ser adquiridos por comedores colectivos, favorecendo así o seu aprovei-

tamento e reducindo as perdas que se producen nas primeiras fases da cadea alimentaria.

A medida responde a unha realidade cada vez máis visible xa que unha parte significativa dos alimentos que se producen non chega a consumirse, non por cuestións de calidade ou seguridade, senón por razóns comerciais ou de presentación.

A nova plataforma pretende precisamente dar valor a estes produtos e facilitar a súa incorporación a circuitos alternativos de consumo.

Unha folla de ruta para toda a cadea alimentaria

A estratexia, que comezará a elaborarse ao longo deste ano, pretende actuar sobre todos os ámbitos nos que se producen perdas alimentarias. Para iso realizárase un diagnóstico detallado da situación en Galicia mediante estudos e análises que permitan coñecer a dimensión do problema no sector primario, nos fogares, na industria agroalimentaria, na distribución comercial e tamén na hostalaría e restauración.

O obxectivo é identificar os puntos críticos onde se concentra o desperdicio e establecer medidas específicas que permitan reduci-lo de maneira progresiva e coordinada. A iniciativa ten vocación transversal e procura implicar tanto ás

administracións como ás empresas e á propia cidadanía.

Compromiso colectivo

Entre as accións previstas destaca a elaboración dun Manifesto contra o desperdicio alimentario, un documento chamado a converterse nun instrumento de sensibilización e compromiso colectivo. As empresas e entidades que se adhiran a esta declaración poderán identificar a súa participación mediante unha imaxe ou selo específico vinculado á loita contra o desperdicio alimentario en Galicia.

A maiores, crearase un recoñecemento anual para destacar aquelas organizacións que desenvolvan iniciativas exemplares neste ámbito. Con estas accións preténdese situar o aproveitamento dos alimentos no centro do debate público e fomentar unha maior responsabilidade compartida entre todos os actores da cadea alimentaria.

Información para cambiar hábitos

Outro dos eixos dese plan será a información. Desenvolveranse campañas divulgativas para aclarar conceptos que adoitan xerar confusión, especialmente a diferenza entre a data de consumo preferente e a data de caducidade. Segundo os datos manexados pola Administración autonómica, un 6% dos alimentos que se descartan nos fogares está relacionado cunha interpretación incorrecta destas indicacións.



A Xunta reforza a prevención de riscos no manexo do tractor



A Xunta de Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico, vén de presentar unha nova campaña de prevención de riscos centrada no uso seguro do tractor e da maquinaria agrícola no medio rural.

Esta iniciativa nace coa finalidade de reducir a sinistralidade asociada a estes vehículos, tendo en conta que o tractor continúa sendo unha das principais causas de accidentes graves e mortais no ámbito agrario. Segundo os datos dispoñibles, a maior parte dos sinistros están relacionados coa envorcadura do vehículo, cos atrapamentos na toma de forza e con accidentes de circulación durante os desprazamentos por estradas e camiños.

A campaña pretende sensibilizar ás persoas que viven e traballan no rural sobre os perigos que entraña o manexo do tractor e dos seus apeiros

A campaña pretende sensibilizar ás persoas que viven e traballan no rural sobre os perigos que entraña o manexo do tractor e dos seus apeiros, facendo fincapé na necesidade de adoptar medidas de prevención que contribúan a evitar lesións graves e perdas humanas. Neste sentido, subliñase a importancia de contar con estruturas de protección contra o envorcamento homologadas, así como de utilizar sempre o cinto de seguridade, elementos que poden resultar determinantes para salvar a vida do condutor en caso de accidente.

Ademais, a iniciativa busca promover boas prácticas no uso da maquinaria agrícola, fomentando a revisión periódica dos

equipos, o mantemento adecuado dos sistemas de seguridade e unha maior concienciación sobre os riscos asociados ás tarefas agrícolas.

Foméntase a revisión periódica dos equipos, o mantemento adecuado dos sistemas de seguridade e unha maior concienciación sobre os riscos asociados ás tarefas agrícolas

A través desta campaña, preténdese reforzar a cultura preventiva no rural e contribuír a que o traballo no sector agrario se desenvolva en condicións máis seguras para todos.

Esta campaña desenvólvese en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico ao abeiro do protocolo de actuación vixente entre este organismo e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), que ten como obxectivo reforzar a coordinación institucional e impulsar accións conxuntas orientadas á prevención dos accidentes de tráfico relacionados coa actividade laboral.

Ao mesmo tempo, englobase na Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027 e no Plan de actuación do Issga para 2026. En concreto, responde á liña de traballo destinada a reforzar a sensibilización e a formación sobre o uso seguro da maquinaria agrícola, incidindo especialmente na prevención dos riscos asociados ao manexo do tractor e á seguridade viaria.



Os prezos do vacún continuaron á baixa en maio



O mercado español de vacún de carne atravesou en maio de 2026 unha fase de corrección marcada pola debilidade do consumo, a acumulación de animais nas explotacións e a crecente presión sobre os prezos. Así o recolle o último Barómetro de Vacún elaborado pola Organización Interprofesional da Carne de Vacún de España, PROVACUNO, entidade que representa aos distintos axentes da cadea de valor e que realiza un seguimento periódico da evolución do sector.

Segundo o informe desta organización correspondente a maio, a tendencia baixista observada nos meses anteriores consolidouse debido a un desequilibrio entre unha oferta abundante de animais e unha demanda incapaz de absorber toda a produción.

No ámbito nacional, o consumo segue condicionado pola persistencia da inflación e pola perda de capacidade adquisitiva dos fogares. Neste contexto,

moitos consumidores optaron por proteínas máis económicas, como a carne de porco ou de polo. Ao mesmo tempo, a industria cárnica mantén elevados niveis de stock nas cámaras frigoríficas, o que reduce a necesidade de novas compras e provoca retrasos no sacrificio de reses.

A recuperación do ritmo de vendas: unha prioridade

Segundo sinala o informe de PROVACUNO, a finais de maio moitos produtores deixaron de centrar a súa preocupación no nivel dos prezos para priorizar a recuperación do ritmo de vendas e evitar unha maior saturación das explotacións.

Finalmente, a nota de alivio para os produtores chegou desde o mercado de reposición, que tras meses de resistencia comezou a rexistrar un descenso nos seus prezos. Malia que a caída do prezo da carne segue compromentando a súa rendibilidade, esta mode-

ración nos custos de entrada achega algo de osíxeno económico aos cebadeiros ante un verán que se prevé longo e complicado.

Contexto internacional

O informe de PROVACUNO analiza o contexto internacional, marcado por unha tendencia xeral á baixa en Europa rompendo a firmeza dos meses anteriores debido a un colapso do consumo continental fronte á inflación e á entrada en vigor, o 1 de maio, do acordo provisional UE-Mercosur.

Francia, Polonia e Alemaña lideraron os descensos, cunha industria presionando para ser máis competitiva en prezos. Irlanda e Italia tamén rexistraron retrocesos significativos ante a dificultade de dar saída á carne, mentres que Portugal mantivo unha evolución máis moderada malia á contracción da actividade.

A oferta supera a demanda nun contexto de menor consumo e forte competencia exterior

Fóra do continente europeo, Estados Unidos acadou prezos récord pola escaseza histórica de animais, mentres que Brasil enfrontouse a tensión comerciais cos seus principais socios.

Custos de produción

No capítulo dos custos de produción, os prezos das materias primas destinadas á alimentación animal rexistraron unha relativa estabilidade ao regresar a niveis máis moderados. Porén, o mercado continúa condicionado por factores xeopolíticos, climáticos e comerciais que poden xerar episodios puntuais de volatilidade.

Nos últimos meses, os prezos do trigo e da cebada moderáronse grazas á chegada da nova colleita, mentres que o millo experimentou un lixeiro encarecemento debido á súa maior dependencia dos mercados internacionais. Pola súa banda, a fariña de soia rexistrou oscilacións ao longo da primavera.

DESCONECTA

CONECTA

RECONECTA

Rías Baixas

A túa meta, o teu destino



Deputación
Pontevedra

X riasbaixas

Salceda de Caselas

Pazo de
San Mauro



Fillaboa



Salvaterra

Salceda de Caselas → Salvaterra



DISTANCIA
21 KM

RITMO
19 KM/H

DESNIVEL
550 M

TEMPO
1 h 15 MIN

TURISMORIASBAIXAS.COM

A campaña “Conta cos lácteos europeos” achega á cidadanía os valores do sector lácteo a través dun autobús itinerante



Un autobús itinerante percorre 11 cidades do territorio nacional no marco da campaña “Conta cos lácteos europeos”, impulsada pola Organización Interprofesional Láctea co apoio da Unión Europea para o período 2025-2028.

Neste contexto, a Asociación Agraria de Galicia (ASAGA) tamén estivo representada na recente Xunta Directiva e na Asemblea Xeral de INLAC, celebradas en Oviedo, coa participación do seu presidente, Paco Bello, e do gandeiro Manuel Iglesias. Ambos participaron nestes órganos de goberno da interprofesional, nos que se analizaron os principais retos do sector lácteo, as liñas de actuación para os próximos meses e as iniciativas destinadas a reforzar a cadea de valor do leite en España, entre elas o desenvolvemento de campañas de promoción e divulgación como “Conta cos lácteos europeos”.

A iniciativa, que fixo parada en cidades como Santiago de Compostela e Vigo,

ademais de estar presente na Feira Internacional Abanca Semana Verde de Silleda, ten como obxectivo achegar á cidadanía información rigorosa sobre os lácteos europeos, poñendo en valor as súas propiedades nutricionais, a súa calidade e o compromiso do sector coa sustentabilidade e a protección do medio ambiente.

O espazo móbil foi acondicionado para informar os consumidores sobre cuestións relacionadas coa produción láctea europea, os procesos que garanten a trazabilidade e a seguridade alimentaria. Ademais, conta cun deseño exclusivo do ilustrador Óscar Alonso, coñecido nas redes sociais como @72kilos, que contribúe a construír unha narrativa próxima e accesible a través de diferentes deseños e soportes comunicativos.

A campaña tamén promove hábitos de consumo responsables, animando a incorporar tres racións de lácteos ao día dentro dunha dieta equilibrada, a escoller produtos europeos e a adoptar

prácticas sostibles, como evitar o desperdicio alimentario ou utilizar bolsas reutilizables.

No interior do autobús, os visitantes poden visualizar un vídeo infográfico sobre os valores de sustentabilidade que promoven gandeiros, cooperativas e industrias lácteas. Así mesmo, teñen acceso a diverso material divulgativo, como bolsas da compra reutilizables, imáns ou adhesivos coleccionables.

As persoas asistentes tamén poden participar na “Ruleta Láctea da Sorte”, unha actividade lúdica que ofrece a posibilidade de conseguir premios directos.

Ademais, o autobús conta con persoal especializado encargado de resolver dúbidas e ofrecer explicacións adaptadas a públicos de tódalas idades. A través de paneis informativos, recursos audiovisuais e actividades interactivas, os visitantes poden coñecer mellor a importancia do sector lácteo na economía rural e no mantemento do tecido produtivo de numerosas comarcas. A iniciativa busca tamén reforzar a confianza dos consumidores nos produtos lácteos europeos, destacando os elevados estándares de calidade, benestar animal e respecto ambiental que caracterizan a súa produción.

Durante o percorrido, o espazo recibe centos de visitantes interesados en coñecer máis de preto o traballo desenvolvido polo sector lácteo europeo. A proposta combina información, divulgación e entretemento para favorecer unha experiencia participativa, contribuíndo a achegar o mundo rural á sociedade urbana e a destacar o papel esencial que desempeñan as explotacións gandeiras no desenvolvemento económico e social do territorio.

O Plan 2026 de seguros pecuarios entra en vigor con 15 liñas gandeiras activas desde o 1 de xuño



A diferenza doutras modalidades de seguros agrarios, os seguros pecuarios poden contratarse durante todo o ano, cunha vixencia anual comprendida entre o 1 de xuño e o 31 de maio do ano seguinte. Actualmente atópamonos no inicio do novo plan de Agroseguro.

O novo plan Agroseguro consolídase como unha ferramenta para a viabilidade económica das explotacións

Entre as principais melloras desta anualidade destacan o seguro de gando vacún de reprodución e produción e o de retirada e destrución de animais mortos. No Plan 2026 incorporáronse diversas melloras relevantes. Entre elas, o incremento das indemnizacións por crías, a revisión dos valores de aseguramento e a mellora das compensacións nas explotacións cárnicas, mediante a ampliación do rango de idade dos animais e unha actualización da indemnización para os exemplares máis lonxevos.

Así mesmo, incorpóranse novas coberturas fronte a pneumonías en animais produtivos e enterotoxemias en animais non produtivos. Elimínase tamén o período de carencia para os animais procedentes de centros de recría que re-

gresan á explotación de orixe. Ademais, amplíase a cobertura coa inclusión dos centros de testaxe, mentres que a retirada e destrución de animais mortos na explotación deixa de contemplarse como garantía adicional.

No caso do seguro de vacún de cebo, incorpórase o ataque de animais salvaxes dentro da garantía básica e, na garantía de mortalidade masiva, engádese unha nova franquía elixible do 50%.

A contratación de seguros pecuarios mantivo unha tendencia crecente, incrementándose nun 5,6% na última anualidade

Respecto dos seguros de ovino e caprino, inclúese a Peste dos Pequenos Rumiantes na garantía básica e incorpórase a cobertura para a retirada de leite ante sospeita de tremor. No seguro de gando equino introdúcese melloras nas indemnizacións, actualízase a cobertura fronte á Peste Equina Africana e incorpórase a cobertura por morte de crías. Pola súa banda, no seguro de porcino modifícase a cobertura da Peste Porcina Clásica e actualízanse os prezos de aseguramento, con incrementos nas razas selectas e ibérico e axustes á baixa no porco branco.

No ámbito autonómico, a contratación de seguros pecuarios en Galicia mantivo unha tendencia crecente nas últimas campañas. Segundo os datos dispoñibles, o Plan 2025 rexistrou un novo incremento, cun aumento do 5,6% no número de animais asegurados, ata acadar os 40 millóns.

Estes resultados confirman a percepción do seguro agrario como unha ferramenta eficaz para o sector gandeiro, unha valoración que tamén se reflicte nos estudos de satisfacción realizados anualmente. A nivel estatal, os gandeiros sitúanse como o colectivo de asegurados máis satisfeito co sistema de seguros agrarios.

Para máis información:
www.agroseguro.es

Gandeiros de toda Galicia participan en Friol nun curso de inseminación artificial en bovinos



O Centro Colaborativo e Mercado Gandeiro de Friol, en Lugo, acolleu durante o mes de xuño un curso teórico-práctico de inseminación artificial en gando vacún dirixido a gandeiros e profesionais do sector, unha acción formativa orientada a mellorar a capacitación técnica dos participantes e favorecer a incorporación dunha das ferramentas máis eficaces para o melloramento xenético das explotacións bovinas.

A inseminación artificial constitúe unha técnica amplamente implantada nas explotacións leiteiras máis profesionalizadas, aínda que a súa utilización segue sendo máis reducida nas gandeirías de carne e nas explotacións mixtas. Entre as causas desta situación atópanse a falta de formación específica, a dificultade para acceder a medios técnicos ou a escasa organización entre produtores para compartir recursos e reducir custos.

Co obxectivo de dar resposta á crecente demanda de formación neste ámbito, desenvolveuse esta actividade cun marcado carácter práctico, adaptada ás necesidades dos profesionais do sector e impartida en horarios compatibles coa actividade diaria das explotacións gandeiras.

O curso contou cun programa de 20 horas no que se abordaron cuestións fundamentais relacionadas coa reprodución bovina. Entre os contidos impartidos figuraron a anatomía funcional do aparato reprodutor da vaca, o ciclo sexual e a súa regulación, a puberdade da femia, a xestación e o parto, así como os principios básicos da inseminación artificial.

A formación profundou especialmente na técnica de inseminación artificial, incluíndo aspectos como a identificación do celo, a exploración vaxinal, a preparación e manexo do material seminal, a introdución do seme no útero, o control

da reprodución, o diagnóstico precoz da xestación, a sincronización de celos e o transplante de embrións.

Un enfoque práctico

Un dos aspectos máis destacados da acción formativa foi o seu enfoque eminentemente práctico. Os participantes tiveron a oportunidade de realizar exercicios e prácticas directas con animais, permitindo consolidar os coñecementos adquiridos e familiarizarse cos procedementos empregados habitualmente nas explotacións.

Os participantes tiveron a oportunidade de realizar exercicios e prácticas directas con animais, permitindo consolidar os coñecementos

A docencia correu a cargo de Luis Ángel Quintela Arias, profesor titular do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela, quen achegou a súa experiencia profesional e académica para ofrecer unha formación especializada e adaptada á realidade do sector gandeiro galego.

Con iniciativas deste tipo búscase contribuír á modernización das explotacións, mellorar a eficiencia reprodutiva dos raboños e facilitar o acceso dos produtores a técnicas que permiten incrementar a competitividade e a rendibilidade das súas gandarías.

Papel do betacaroteno na eficiencia reprodutiva e na inseminación artificial bovina

Desde un punto de vista biolóxico, o betacaroteno cumpre funcións que van máis aló do seu papel clásico como precursor do retinol. En bovinos, a súa acumulación selectiva en tecidos reprodutivos, especialmente nas estruturas ováricas, suxire unha función específica na fisioloxía reprodutiva. Postúlase que a súa acción antioxidante contribúe a preservar a integridade dos sistemas enzimáticos implicados na esteroidoxénese ovárica, con especial interese nos procesos de síntese de progesterona e no mantemento funcional do corpo lúteo. Ademais, a súa dispoñibilidade pode verse comprometida en dietas baseadas en forraxes conservadas, en épocas de estrés térmico ou durante fases de elevada demanda metabólica, o que reforza a súa importancia como factor nutricional de interese reprodutivo.

A inseminación artificial en bovinos depende dunha sincronización precisa entre o momento da ovulación, a detección do celo, a calidade seminal e a receptividade do aparato reprodutor feminino. Neste contexto, o betacaroteno pode considerarse un modulador indirecto do éxito da inseminación, ao influír sobre variables fisiolóxicas que condicionan a fertilidade. Entre elas inclúense a regularidade do ciclo estral, a competencia do folículo preovulatorio, a estabilidade funcional do corpo lúteo, a secreción de progesterona e a recuperación posparto. Por iso, o seu interese é especialmente relevante en sistemas nos que a fertilidade está comprometida por un balance enerxético negativo, a baixa calidade das forraxes, as enfermidades puerperais ou o estrés ambiental.



O laboratorio polaco Vetanima Polonia, a través do seu representante para España, Medical Impex, propón dous produtos con betacaroteno: Anima Bol B Caroteno, en formato de bolos de liberación prolongada, e Anima Energy B Caroteno.

Outro produto destacable e único é Ani Mast, un produto para o coidado das ubres con nanoprata. A nanoprata refírese a partículas moi pequenas de prata, de tamaño nanométrico, que presentan unha elevada actividade antimicrobiana. No contexto das enfermidades da ubre, especialmente da mamite bovina, estúdase o seu uso porque pode contribuír a inhibir bacterias como *Staphylococcus aureus*, *Escherichia coli* e outros microorganismos responsables das infeccións mamarias. A súa



principal vantaxe é que a nanoprata pode actuar fronte a bacterias resistentes e reducir a carga microbiana da ubre.

Este produto está recomendado para:

- Mellorar o manexo da saúde mamaria.
- Apoiar a redución do uso de antibióticos.

As súas propiedades únicas contribúen a unha xestión máis eficiente e económica das explotacións gandeiras grazas ás súas principais vantaxes:

- 0 días de tempo de espera.
- Sen retirada do leite.
- Non xera resistencias.

Para máis información Medical Impex SL.

O Pladiga 2026 reforza a prevención e a tecnoloxía co maior investimento da súa historia

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) para esta anualidade 2026 incorpora importantes novidades orientadas a reforzar a capacidade de prevención, detección e extinción dos lumes forestais, cunha aposta decidida pola innovación tecnolóxica, o incremento dos medios humanos e materiais e unha maior implicación da cidadanía na protección do monte.

Cun investimento superior aos 213 millóns de euros, un 18% máis que o ano anterior, o plan presenta medidas destinadas a adaptar o dispositivo galego aos novos desafíos que presentan os

incendios forestais, cada vez máis condicionados por episodios meteorolóxicos extremos e pola maior complexidade dos grandes lumes.

Detección temperá

Unha das principais novidades céntrase na detección temperá. A rede de videovixilancia ampliarase nun 30 % ata acadar as 241 cámaras distribuídas en 111 localizacións. Ademais, por primeira vez integrarase a intelixencia artificial no sistema interno da xestión para detectar de maneira automática e inmediata columnas de fume e focos de incendios nos seus primeiros momentos, facilitando unha resposta máis rápida e eficaz.

A estas melloras tecnolóxicas súmase a creación da aplicación móbil ALume, que xa está dispoñible para descarga, e a través da cal a cidadanía pode alertar dos incendios forestais. Esta app actúa de xeito complementario ao teléfono 085. O dispositivo contará tamén con tres drones de última xeración destinados a labores de vixilancia, especialmente en zonas de difícil acceso.

Refórzase a Unidade de Directores de Extinción (UDEX), especializada na xestión de grandes incendios forestais, que pasa de seis a quince integrantes

En canto aos medios humanos, o novo Pladiga reforza a Unidade de Directores de Extinción (UDEX), especializada na xestión de grandes incendios forestais, que pasa de seis a quince integrantes. Ademais, incorporará 42 novas brigadas de extinción durante a época de alto risco, co obxectivo de reforzar a





Entre os obxectivos específicos do Pladiga 2026 tamén figura o esforzo dos convenios para a constitución de brigadas de prevención e defensa contra incendios en mancomunidades e concellos, así como desenvolvemento dun proxecto piloto orientado a incrementar a colaboración das comunidades de montes veciñais en man común nas tarefas de vixilancia e prevención.

Incorporaranse 16 novos bulldózers e contarase con dous novos avións de carga en terra, un avión de coordinación e un helicóptero pesado

capacidade operativa do dispositivo sobre o terreo.

En canto aos medios materiais, o plan prevé a incorporación de 16 novos bulldózers para actuacións preventivas e traballos de defensa contra os incendios. Tamén se ampliará a capacidade dos medios aéreos coa incorporación de dous novos avións de carga en terra, un avión de coordinación e un helicóptero pesado, reforzando así os recursos dispoñibles para a loita contra o lume.

A prevención continúa sendo un dos piares fundamentais da estratexia galega. Incorporaranse 16 novos bulldóze-

res e contarase con dous novos avións de carga en terra, un avión de coordinación e un helicóptero pesado. A isto engádese o convenio coa empresa pública Seaga para apoiar aos concellos, unha iniciativa que contará cun orzamento anual de 25 millóns de euros, o dobre que no exercicio anterior.

Precisamente ao abeiro deste convenio impulsárase unha estratexia de aldeas preparadas fronte ao lume, destinada a mellorar a autoprotección dos núcleos rurais mediante accións informativas e actividades de concienciación dirixidas á veciñanza e ás persoas propietarias dos terreos forestais.

A formación seguirá sendo outro dos eixos estratéxicos do dispositivo. Ao longo do próximo ano desenvolveranse cursos especializados, accións de adestramento e programas formativos dirixidos tanto ao persoal de extinción como ás entidades locais e á propia cidadanía, co obxectivo de contar cun sistema cada vez máis profesionalizado, eficiente e preparado para facer fronte aos incendios forestais do futuro.



Manuel Francisco Gutiérrez

Director Xeral de Defensa do Monte da Xunta de Galicia

O Pladiga 2026 conta co maior orzamento da súa historia: 213 millóns de euros



O director xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural analiza nesta entrevista concedida á nosa revista os principais retos da campaña contra os incendios forestais, as medidas de prevención do Pladiga 2026 e o papel da cidadanía e do sector agrogandeiro na loita contra o lume.

Que risco existe de que volvamos ter un verán dificultoso en canto aos lumes forestais? Que medidas se están a tomar desde a súa Dirección Xeral en materia de prevención de incendios? Á hora de falar de incendios forestais na actualidade temos que ter en conta que nos atopamos ante escenarios completamente novos, nos que o clima inflúe de xeito directo. Temos temperaturas cada vez máis altas e niveis de humidade inferiores aos habituais, rachas de vento fortes... e a simultaneidade dos lumes xunto coa intencionalidade é cada vez máis frecuente.

Na Consellería do Medio Rural somos conscientes desta realidade e, por iso, a prevención dos incendios forestais é a nosa maior aposta. Así se demostra na actualización do Pladiga 2026, que conta co maior orzamento da súa historia: 213 millóns de euros, dos cales 75,38 millóns van destinados de xeito exclusivo á prevención, un 50 % máis con respecto ao ano pasado.

Neste sentido, estamos a realizar traballos en áreas cortalumes, creación de faixas auxiliares, mellora de pistas forestais e queimas prescritas, entre outras actuacións.

Reforzamos o convenio de colaboración con Seaga para o sistema de xestión da biomasa nas faixas secundarias con 25 millóns de euros anuais

A normativa de prevención de incendios en Galicia fixaba ata o 31 de maio como prazo para limpar a biomasa nas faixas de 50 metros arredor das vivendas. Cumpriuse de forma xeral esta obriga e que balance fai da medida? Nos casos de incumprimento, que mecanismos ten a Xunta para executar de forma subsidiaria estes traballos? A xestión da biomasa nas faixas secundarias, aquelas máis próximas ás vivendas, é unha obriga dos

propietarios e, se estes non o fan, son os concellos os que deben asumir esta tarefa de xeito subsidiario. Así o recolle a Lei de incendios.

Sabemos que este labor é complexo e, por esta razón, reforzamos o convenio de colaboración coa empresa pública Seaga para o sistema público de xestión da biomasa, a través do cal se lles presta apoio ás administracións locais e aos propietarios para cumprir coas súas obrigas. Este convenio conta cun orzamento de 25 millóns de euros anuais, o dobre que o ano pasado.

No marco desta iniciativa, a comezos de xuño xa se realizaran actuacións preventivas en máis de 2.600 parcelas de 70 parroquias priorizadas de toda Galicia.

Actualmente hai 299 concellos adheridos a este convenio, dos cales 275 teñen xa o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais aprobado. Tendo en conta que este convenio foi asinado en decembro do ano 2025, a Consellería estableceu como prazo idóneo para formalizar as adhesións o 21 de marzo, data na que case o 94 % dos concellos adheridos xa manifestaran a súa vontade de formar parte desta iniciativa.

Ademais, fixouse o 31 de marzo como prazo para que os concellos enviasen a planificación e solicitasen actuacións ao abeiro do convenio, pero só un 30 % o fixo naquel momento. A comezos de xuño, tan só o 50 % dos concellos pedira a realización destes traballos, polo que a metade dos municipios adheridos, malia formar parte do convenio, non reclamara a execución de ningún dos apoios que ofrece o acordo. Cando isto acontece, a Xunta non pode levar a cabo traballos nestas zonas.

Actualmente hai 299 concellos adheridos ao convenio

Nos incendios forestais en Galicia, que papel poden desempeñar agricultores e gandeiros? Poden incorporarse con tractores ou cisternas

e ata que punto o operativo integra ou limita estes medios locais? Claro que os agricultores e gandeiros poden prestar apoio e poñer a súa maquinaria á disposición do servizo, pero sempre consultando aos profesionais que estean a actuar no terreo e seguindo as súas recomendacións e indicacións.

Pode a Consellería do Medio Rural incentivar de forma máis activa a colaboración de agricultores e gandeiros na prevención e extinción de incendios? O labor que realizan os agricultores e gandeiros co seu traballo diario xa contribúe de forma moi significativa á prevención de incendios forestais. A terra produtiva, rozada e libre de combustible actúa como unha devasa natural que, no caso de incendio, pode frear o alcance das lapas. Por tanto, a súa actividade diaria é un dos mellores cortalumes que podemos ter.


Gustárame lembrar que o pasado 29 de xuño publicamos no *Diario Oficial de Galicia* unha orde pola que se regula o emprego de maquinaria agrícola durante o período de alto risco de incendios (do 1 de xullo ao 30 de setembro), con IRDI moi alto ou extremo.

Permítese a realización de actividades de carácter preventivo, silvícola ou agrícola, que requiran a utilización de maquinaria dentro dos terreos forestais e as súas zonas de influencia.

O labor que realizan os agricultores e gandeiros co seu traballo diario xa contribúe de forma moi significativa á prevención de incendios forestais

Pero, no caso de ter que desenvolver estes traballos na franxa horaria que abrangue entre as 12.00 e as 18.00 horas, será preciso ter en conta dúas indicacións, para que os traballos poidan continuar con maior seguridade.





En primeiro lugar, haberá que contar cunha persoa que poida exercer de observador para que, no caso de detectar algún posible conato, dea aviso de xeito inmediato aos servizos de emerxencia.



QR para descarga da aplicación

En segundo lugar, terán que dispoñer dun depósito de auga cunha capacidade mínima de 400 litros, un extintor de espuma con base de auga de polo menos seis quilogramos, dous batelumes e unha mochila extintora cunha capacidade mínima de 15 litros.

Con esta regulación estamos desenvolvendo a normativa autonómica e estatal na materia e sendo unha das comunidades máis flexibles, dado que permitimos estes traballos, cunha serie de indicacións a ter en conta se se teñen que levar a cabo en condicións extremas (con IRDI moi alto ou extremo e nas horas centrais).

A actualización do Pladiga 2026 incorpora máis tecnoloxía para a prevención de incendios. De que medidas concretas estamos a falar? Unha das principais novidades é a posta en marcha dunha nova aplicación móbil, ALume, que está xa á disposición da cidadanía e é complementaria á canle do 085, para que a poboación poida alertar sobre calquera incendio forestal e favorecer a detección temperá.

Outras novidades destacables no eido tecnolóxico son a ampliación dun 30 % da rede de videovixilancia, que chegará a 241 cámaras en 111 localizacións, e a introdución da intelixencia artificial no sistema interno de xestión. Ademais, dispoñemos de tres drones de vixilancia

de última xeración en zonas de difícil acceso.

Leva vostede pouco máis de medio ano no cargo. Que balance realiza deste tempo? Fago un balance moi positivo destes últimos meses. Considero que en pouco tempo fomos quen de desenvolver e poñer en marcha iniciativas moi beneficiosas que nos permitirán seguir afondando na protección dos nosos montes.

Que iniciativas ten en marcha a súa Dirección Xeral para fomentar a multifuncionalidade do monte e compatibilizar o seu uso produtivo con outros aproveitamentos? Esta é unha cuestión na que conflúen varios departamentos da Consellería do Medio Rural, que traballa baixo unha óptica ampla. Todos poñemos o noso gran de area para acadar un mesmo obxectivo: garantir un rural vivo, produtivo e sostible.

Recentemente, vimos de poñer en marcha un proxecto piloto en colaboración coa Mancomunidade de Montes do Baixo Miño para cooperar na detección temperá dos incendios.

ALume, a aplicación que facilita a detección temperá dos incendios forestais

Aloita contra os incendios forestais conta desde este verán cunha nova aliada tecnolóxica. Impulsada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a aplicación móbil ALume xa está dispoñible para a súa descarga gratuíta en dispositivos Android e iOS co obxectivo de facilitar á cidadanía a comunicación inmediata de calquera conato ou incendio forestal e favorecer unha resposta máis rápida por parte dos servizos de extinción.

A nova ferramenta permite alertar dun lume en Galicia en segundos dende o móbil

A ferramenta nace como unha das principais novidades tecnolóxicas incorporadas ao Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2026 e busca aproveitar o potencial dos teléfonos móbiles para converter a calquera cidadán nun colaborador activo na detección temperá dos lumes.

Unha aplicación pensada para todos os usuarios

O emprego de ALume é moi sinxelo e está pensado para todos os usuarios de smartphone. A aplicación foi deseñada cunha interface intuitiva que permite enviar unha alerta en cuestión de segundos, mesmo para usuarios con escasos coñecementos tecnolóxicos. Ocupa moi pouco espazo no dispositivo e non require rexistro nin a achega de datos persoais, garantindo así un uso rápido, cómodo e accesible.

Unha vez descargada, o usuario atopa unha pantalla principal con dúas opcións claramente diferenciadas. A primeira permite contactar directamente co teléfono gratuito de emerxencias 085, mentres que a segunda, identificada como “Alertar dun lume”, constitúe o núcleo da aplicación.

Localización precisa e información en tempo real

Ao acceder á función de aviso, ábrese un sistema de localización baseado en Google Maps que permite sinalar con precisión o punto onde se observa o incendio. Cun simple toque sobre a pantalla, o usuario pode indicar a situación exacta do lume e remitir a alerta aos servizos competentes.


A maiores, a aplicación ofrece a posibilidade de completar o aviso con fotografías, gravacións de son ou observacións escritas. Para garantir a fiabilidade das comunicacións, ALume solicita unicamente permiso para acceder á localización do dispositivo, un requisito que contribúe a evitar usos fraudulentos e mellora a precisión dos datos enviados. A ferramenta permite tamén escoller entre galego e castelán como idioma de uso.

Outras innovacións tecnolóxicas

A posta en marcha de ALume complétase con outras innovacións incorporadas este ano ao sistema galego de defensa contra os incendios forestais. Destaca tamén a incorporación da intelixencia artificial para detectar automaticamente columnas de fume a través da rede de cámaras de vixilancia distribuídas polo territorio galego.

Ambas as dúas novidades perseguen un mesmo obxectivo, que non é outro que o de reducir os tempos de detección dos lumes e favorecer unha intervención máis rápida nos seus primeiros momentos, un tempo que resulta determinante para a súa extinción.

Con esta nova aplicación, Galicia dá un paso máis na incorporación da tecnoloxía á protección do monte, reforzando a colaboración cidadá e mellorando a capacidade de resposta fronte aos lumes forestais.



A Asociación Agraria de Galicia (ASAGA) entra a formar parte do Consello Reitor de Augas de Galicia

A incorporación de ASAGA ao Consello Reitor de Augas de Galicia supón un paso importante para reforzar a representación do sector agrario nos órganos de decisión relacionados coa xestión dos recursos hídricos. A partir de agora, a asociación poderá trasladar de maneira directa as necesidades e preocupacións dos agricultores e gandeiros galegos, contribuíndo á elaboración de políticas e decisións que afectan ao uso da auga no ámbito agrario.

Esta presenza permitirá tamén actuar como ponte entre o sector e a administración autonómica, facilitando a tramitación, o seguimento e a interlocución en todas aquelas cuestións que dependen da Xunta de Galicia en materia de abastecemento, regadío, concesións, infraestruturas hidráulicas e planificación hidrolóxica.

Queremos ser unha ponte real entre os agricultores e gandeiros e a administración, trasladando as necesidades e preocupacións do sector

Deste xeito, ASAGA reforza o seu compromiso coa defensa dos intereses dos seus asociados e do conxunto do sector primario galego, apostando por unha xestión da auga máis eficiente, sostible e adaptada ás necesidades reais do territorio.

Concretamente, será o presidente de ASAGA quen represente á organización neste órgano colexiado, incorporándose ao Consello Reitor de Augas de Galicia na condición de vogal.


“Para ASAGA é unha satisfacción formar parte dun órgano tan relevante como o Consello Reitor de Augas de Galicia. Queremos ser unha ponte real entre os agricultores e gandeiros e a administración, trasladando as necesidades e preocupacións do sector e contribuíndo a que as decisións que se adopten teñan en conta a realidade do campo galego. A auga é un recurso estratéxico para o noso futuro e é fundamental que o sector agrario estea presente nos espazos onde se planifica e se decide a súa xestión”, sinala o presidente de ASAGA.

Cómpre salientar que, para unha organización de recente creación, constituída no ano 2025, resulta especialmente relevante ter acadado xa representación nalgúns dos principais órganos consultivos e de participación da Xunta de Galicia.

Na actualidade, ASAGA forma parte do Comité de Seguimento do PEPAC, do Consello Forestal de Galicia, do Consello Galego de Medio Ambiente, do Consello Asesor de AGADER e, agora, tamén do Consello Reitor de Augas de Galicia, reforzando así o seu papel como interlocutor do sector agrario galego ante a Administración autonómica.

Será o presidente de ASAGA quen represente á organización neste órgano colexiado, incorporándose ao Consello Reitor de Augas de Galicia na condición de vogal

Esta presenza institucional permitirá á asociación participar de forma activa nos procesos de consulta e decisión, achegando propostas que contribúan ao desenvolvemento dun sector agrario máis competitivo, sostible e adaptado aos retos actuais e futuros do medio rural galego.





LA SALUD DE TU GANADO,
NUESTRA PRIORIDAD



VetAnima: soluciones innovadoras para mejorar la salud y la productividad del ganado bovino

VetAnima presenta su exclusiva línea de piensos complementarios, diseñada para optimizar la salud del ganado bovino y potenciar su producción. Con propuestas específicas para el parto y soluciones avanzadas frente a la cetosis bovina, sus productos responden a las necesidades más exigentes de la industria ganadera.

ANIMA BOL CALCI-5, EL ALIADO ESENCIAL DURANTE EL PERIPARTO

Anima Bol Calci-5 aporta una fórmula innovadora que combina cinco fuentes de calcio, enriquecidas con una elevada concentración de vitamina D y fósforo. Está específicamente diseñado para cubrir la alta demanda de nutrientes que experimentan las vacas en el parto.

Absorción rápida: garantiza una disponibilidad inmediata de nutrientes.

Efectos inmediatos: ideal para satisfacer las necesidades más críticas del ganado.

Apoyo nutricional integral: previene deficiencias y mejora la salud general.

ANIMA BOL KETOCONTROL Y KETANIMA, DOS SOLUCIONES PARA LA CETOSIS BOVINA

La cetosis bovina supone un importante reto para la salud y la productividad del ganado. Para hacerle frente, VetAnima ofrece dos soluciones innovadoras:

Anima Bol Ketocontrol, un enfoque integral para el control de la cetosis.

Anima Bol Ketocontrol combina dos bolos de disolución rápida (entre 5 y 15 minutos), formulados para estimular la función hepática y mejorar el apetito del ganado. Esta solución ayuda a garantizar una recuperación completa y refuerza la salud de las vacas en riesgo.

Apoyo hepático: favorece la desintoxicación y el funcionamiento óptimo del hígado.

Estímulo del apetito: contribuye a mantener la ingesta calórica adecuada.

Ketanima, reducción del riesgo de cetosis con eficacia comprobada.

Ketanima incorpora una combinación de tres sustancias glucoplásticas que favorecen el metabolismo energético y facilitan el retorno a una producción láctea elevada.

Mejora metabólica: optimiza el uso de energía en el organismo.

Producción sostenida: ayuda a las vacas a mantener niveles altos de producción láctea.

IMPACTO ECONÓMICO Y PRODUCTIVO

Con los productos de VetAnima, no solo proteges la salud de tu ganado, sino que aseguras también un impacto económico positivo en tu explotación. La mejora de la productividad y la reducción de los riesgos asociados a deficiencias nutricionales y enfermedades metabólicas convierten estas soluciones en herramientas indispensables para el manejo moderno del ganado bovino.



**MEDICAL
IMPEX**


Medical Impex SL

T: +34 865 55 99 92 | M: +34 698 28 44 45

info@medical-impex.com

www.medical-impex.com

Parques Naturales de Ourense y su riqueza



La sociedad actual encuentra dentro de sus preocupaciones más importantes, la preservación del Medio Ambiente. La legislación internacional, la europea, la estatal y la autonómica, cada día es más consecuente y dicta normas, algunas de obligado cumplimiento, sobre hábitats, especies, espacios a proteger, etc.

En la provincia de Ourense, nos encontramos con los Parques Naturales de A Baixa Limia – Serra do Xurés, Serra da Enciña da Lastra y el Parque do Invernadeiro

Una de las figuras de protección de un espacio natural más relevante, es la figura del Parque Natural. Galicia cuenta en su geografía con seis Parques

Naturales, dos en la provincia de Coruña, tres en la de Ourense y uno en la de Pontevedra.

En concreto en la provincia de Ourense, nos encontramos con los Parques Naturales de A Baixa Limia – Serra do Xurés, Serra da Enciña da Lastra y el Parque do Invernadeiro.

Cada uno presenta una serie de características que los hacen singulares y muy atractivos, y no solo para los visitantes, sino para una población que vive y reside en los dos que están habitados: Parques Naturales de A Baixa Limia – Serra do Xurés y Serra da Enciña da Lastra. O Invernadeiro, por su parte, es propiedad íntegra de la Xunta de Galicia y no tiene población en su interior.

Pero, ¿qué representa la figura de un Parque Natural para un territorio? Este reconocimiento obedece a criterios técnicos, que tienen en cuenta las singularidades del territorio donde el peso de la naturaleza es evidente, sin ignorar todos esos aspectos y valores inmateriales que reconocen la geografía y la historia como propias y distintas.

Los tres parques ourensanos son de una belleza espectacular, aunque muy diferentes entre sí y con distintos valores.

Xurés: el Parque Natural ourensano de mayor tamaño

Abarca los municipios de Lobios, Muiños, Bande, Lobeira, Entrimo y Calvos de Randín. Junto con el Parque Nacional de Gerês, en Portugal, integra la Reserva de la Biosfera Transfronteriza Gerês-Xurés, un espacio protegido que trasciende los límites del parque natural y comprende la totalidad del territorio de estos seis municipios gallegos.

O Xurés es un claro ejemplo de un parque natural habitado, en el que conviven numerosos núcleos de población con una intensa actividad social, económica y ganadera

Este espacio constituye un claro ejemplo de un parque natural habitado, en el que conviven numerosos núcleos de población con una intensa actividad social, económica y ganadera. Esta singularidad hace imprescindible compatibilizar la conservación del entorno con el día a día de sus habitantes, que deben desarrollar sus actividades conforme a la normativa que regula este espacio protegido.

Esa normativa se recoge en el PRUX (Plan Rector de Uso y Gestión), el instrumento



que establece las directrices para la conservación y el uso sostenible del parque. Su objetivo es garantizar la protección de los valores naturales del territorio, al tiempo que ordena las actividades que pueden desarrollarse en él, teniendo en cuenta tanto las características ambientales del espacio como la realidad geográfica, social y económica de la población que lo habita.

Así, los parques naturales se organizan en diferentes áreas en función de su grado de protección, mediante un sistema de zonificación que determina los usos y actividades permitidos en cada una de ellas. En los tres parques se distinguen tres tipos de zonas: una de máxima protección, donde las restricciones son más estrictas; una zona intermedia, con un régimen de usos compatible con la conservación; y una tercera, la más extensa, en la que las limitaciones son menores y se permite un mayor desarrollo de actividades tradicionales y socioeconómicas.

La zonificación establece los usos permitidos y las limitaciones aplicables en cada área del parque, compatibilizando la conservación del espacio natural con el mantenimiento de los usos y costumbres tradicionales. Desde esta perspectiva, es importante considerar el parque natural no únicamente como una figura de protección, sino también como una oportunidad para impulsar el desarrollo sostenible, fijar población y generar nue-

vas iniciativas económicas vinculadas al territorio.

En O Xurés la producción ganadera en base a razas autóctonas es muy importante. Una Raza Autóctona encuadrada en las Morenas del Noroeste es la raza Cachena

El Xurés cuenta con una oferta turística plenamente consolidada, en la que destaca el prestigioso balneario de Riocaldo, en Lobios, reconocido internacionalmente por la calidad de sus aguas termales. Además, el territorio vive un importante auge gastronómico, con una cocina de alto nivel que ha convertido a diversos establecimientos de Galicia y del norte de Portugal en referentes culinarios, enriqueciendo la experiencia de quienes visitan este espacio natural transfronterizo.

La producción ganadera en base a razas autóctonas es muy importante. Una Raza Autóctona encuadrada en las Morenas del Noroeste es la raza Cachena. Originaria de estas tierras, se encuentra actualmente en una fase de expansión por todo el territorio español gracias al trabajo que se viene realizando por la



Xunta de Galicia en el Pazo de Fontefiz, junto con las asociaciones de criadores de razas autóctonas.

Muy desarrollada está también la producción de miel por todos los rincones del parque. Una miel reconocida que tiene mucha demanda debida a su alta calidad, con una producción tradicional que recibe de todas las variedades vegetales matices que la hacen muy valorada.

Las típicas elevaciones rocosas de la Serra da Enciña da Lastra, los llamados “cortados”, lo convierten en un enclave ideal para nidificación de especies de aves rapaces

La transformación tradicional de pequeñas producciones ganaderas constituye otro de los pilares de la economía local. Iniciativas familiares, como la desarrollada en Puxedo, han logrado proyectar a nivel nacional los productos elaborados a partir de la matanza tradicional, manteniendo procesos artesanales basados en el saber hacer heredado durante generaciones. Se trata de un ejemplo de cómo la tradición puede convertirse en un motor de desarrollo económico y de puesta en valor de los recursos del territorio.

Desde hace unos años y debido a la población estable y de altísima calidad de cabra montesa occidental, la Xunta de Galicia aprobó el aprovechamiento cine-





gético conjunto de la misma en los cinco techos del Parque con población de esta especie.

Serra da Eciña da Lastra, es el Parque Natural más pequeño

Ubicado íntegramente en el ayuntamiento ourensano de Rubiá, al noreste de la provincia ourensana, limita con la provincia de León. Se trata también de un espacio habitado caracterizado por una climatología más mediterránea y menos atlántica. Sus características son muy distintas a las de Xurés. Aunque tiene una riqueza faunística similar, sus típicas elevaciones rocosas, los llamados “cortados”, lo hacen ideal para nidificación de especies de aves rapaces extraordinarias como el águila real, el alimoche, el halcón peregrino o gran cantidad de aves nocturnas como el Búho Real.

Las típicas elevaciones rocosas de la Serra da Enciña da Lastra, los llamados “cortados”, lo convierten en un enclave ideal para nidificación de especies de aves rapaces

Debido a la cantidad de cuevas presentes en el Parque, la presencia de distintos murciélagos en las mismas es algo frecuente.

Las cuevas y cortados son un reclamo para la espeleología tanto deportiva como de investigación, así como para la escalada.

Se trata de un espacio idóneo para la observación de aves, aunque también es un territorio en el que la presencia del oso ha quedado recogida en la memoria y las historias locales. Buena prueba de ello es la existencia de albarizas, construcciones tradicionales destinadas a proteger los colmenares de posibles ataques, que evidencian la convivencia histórica entre la actividad humana y la fauna salvaje en la zona.

Su desarrollo turístico está muy condicionado por la cercanía de pueblos ampliamente habitados, como son el Barco de Valdeorras, a Rúa o Ponferrada, ya en la provincia de León.

O Invernadeiro, el único Parque Natural en Galicia sin núcleos de población

Situado en el ayuntamiento de Vilariño de Conso, en pleno interior de la provincia de Ourense, fue hace siglos refugio de fauna de señores feudales. Tras pasar a manos de Papelera Española, fue adquirido por la Xunta de Galicia, quien lo declaró Parque Natural.

Es, sin lugar a dudas, un espacio natural maravilloso que linda con el Macizo Central ourensano. Tiene una espectacular riqueza en fauna y vegetación centenaria y es que, en su interior conviven manadas de lobos con grandes venados, corzos, jabalís, zorros, pequeños mamíferos, diversas especies de aves, anfibios, reptiles o truchas. De vez en cuando se dejan ver también osos durante su fase de dispersión.

Para visitar este enclave es necesario solicitar autorización del Servicio de Patrimonio Natural en Ourense ya que se trata de un espacio natural sin ningún

tipo de actividad humana, salvo la realizada para labores de conservación o educación ambiental.

Situado en el ayuntamiento de Vilariño de Conso, O Invernadeiro es el único Parque Natural de Galicia que no está habitado por el ser humano

Estos tres espacios naturales comparten diversos elementos comunes, entre los que destaca la proximidad de importantes masas de agua. En el caso del Xurés, se encuentra rodeado por los embalses de As Conchas, Lindoso y Salas; en O Invernadeiro destaca la cercanía del embalse de As Portas, el segundo más importante de Galicia; y en Lastra, la influencia del entorno fluvial de Peñarubia.

Tanto el Xurés como Lastra mantienen además una estrecha vinculación histórica con la presencia romana durante la conquista de la península ibérica, de la que aún se conservan numerosos vestigios en el territorio.

Se trata de espacios de gran valor natural y paisajístico, cuya conservación resulta esencial para las generaciones futuras. En este sentido, las administraciones trabajan para garantizar la protección de estos entornos, procurando al mismo tiempo que su conservación sea compatible con la vida cotidiana de sus habitantes y con el mantenimiento de sus tradiciones y formas de vida, que forman parte del patrimonio cultural del medio rural.

Autores:

Alba Lombao Vazquez
Dra. En Biología

Luis A. Rubiños Martínez
Funcionario y fotógrafo

Juan J. Gómez Fernández
Veterinario

Turismo de Galicia impulsa a campaña “A seguridade marca o Camiño” para reforzar a protección dos peregrinos

Turismo de Galicia vén de poñer en marcha a campaña informativa “A seguridade marca o Camiño”, unha iniciativa destinada a facilitar ás persoas peregrinas un acceso rápido e directo aos recursos de protección e seguridade dispoñibles en calquera punto da ruta xacobeá.

A acción baséase na distribución de máis de 7.600 unidades de material divulgativo, que inclúen información práctica e teléfonos de emerxencias e servizos de atención como Garda Civil, Policía, servizos especializados de atención á muller, entre outros. O material —carteis, adhesivos e tarxetas— complétase cun código QR que dirixe a unha páxina web con toda a información centralizada.

Os recursos están dispoñibles en galego, castelán e inglés, e distribuiranse principalmente na rede pública de albergues do Xacobeo, con especial incidencia nos puntos de entrada a Galicia dos distintos Camiños, así como nos albergues privados de peregrinos.

Presentación en Lugo

A campaña foi presentada polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, no Centro de Interpretación do Camiño Primitivo, en Lugo, acompañado polo xefe provincial da Unidade de Policía Adscrita de Galicia en Lugo, o inspector xefe Moisés Muñiz; o director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Roberto Barba; e o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias.

Distribuíronse máis de 7.600 unidades de material divulgativo que inclúen información práctica e teléfonos de emerxencias e servizos

Durante a presentación, Merelles destacou que se trata dunha medida “coa que levamos toda a rede de protección que xa temos directamente ás mans e aos móbiles dos peregrinos”.

Un Camiño máis seguro e coordinado

O director de Turismo de Galicia subliñou que esta campaña se enmarca na cooperación entre os distintos corpos e forzas de seguridade —Policía Autonómica, Policía Nacional, Policía Local e Garda Civil— co obxectivo de garantir que o Camiño de Santiago siga sendo un espazo seguro, tranquilo e ben atendido para todas as persoas que o percorren.

A iniciativa intégrase nos obxectivos do Plan Director dos Camiños de Santiago 2025-2027, no que a Xunta investirá máis de 140 millóns de euros para mellorar a atención ás persoas peregrinas e reforzar a xestión do fenómeno xacobeo de cara ao Xacobeo 2027.

Os recursos están dispoñibles en galego, castelán e inglés, e encóntranse principalmente na rede pública de albergues do Xacobeo, con especial incidencia nos puntos de entrada a Galicia dos distintos Camiños

Merelles incidiu en que este evento “é unha oportunidade histórica para Galicia e para España”, ao tempo que salientou que os milleiros de peregrinos que chegan cada ano buscan non só espiritualidade e experiencia, senón tamén seguridade e acollida. “Esta campaña é unha declaración de intencións: queremos que o Xacobeo 2027 sexa lembrado porque Galicia demostra ao mundo que sabe protexer e acoller a quen a visita”, sinalou.

A peregrinación continúa en crecemento

A campaña lánzase nun contexto de forte dinamismo do Camiño de Santiago. No que vai de 2026 xa se entregaron máis de 134.000 Compostelas, o que supón un incremento do 3% respecto ao mesmo período de 2025. Delas, arredor do 69% corresponden a peregrinos estranxeiros, o que confirma a proxección internacional do fenómeno xacobeo.



Bouza do Rei, catro décadas facendo marca albariño desde o corazón do Salnés



Fundada en 1983 en Ribadumia, Bodegas Bouza do Rei converteuse nun dos nomes propios do albariño galego. Á fronte do proxecto atópase Isidoro Serantes, presidente da adega e tamén da Denominación de Orixe Rías Baixas, desde onde contribúe a fortalecer a competitividade e o prestixio internacional do sector.

Isidoro Serantes lidera unha adega familiar referente e impulsa desde a presidencia da D.O. Rías Baixas a proxección internacional do sector

Situada en Ribadumia, no corazón da comarca do Salnés, Bodegas Bouza do Rei é un proxecto familiar que leva máis de 40 anos acompañando a transformación do albariño, desde aqueles tempos nos que o viño se comercializaba practicamente a nivel local ata a actualidade, marcada pola súa presenza en mercados de todo o mundo.

A historia da adega comezou anos antes da creación oficial da Denominación de Orixe Rías Baixas, que tivo lugar en 1988. Daquela, o albariño vendíase maioritariamente sen etiquetar e o seu consumo estaba moi ligado ao ámbito de proximidade. “Era un viño moi local, practicamente colleiteiro”, lembra Isidoro Serantes, pertencente a unha familia de longa tradición viticultora.

Coa D.O. desde os seus inicios

A aposta por construír unha adega e profesionalizar a elaboración do viño seguiu unha serie de pasos. Os seus viños de mesa pasaron posteriormente a ser viños da terra. Porén, o gran salto produciríase coa creación da D.O. Rías Baixas, da que Bouza do Rei formou parte desde o primeiro momento como adega.

Para Serantes, aquel paso resultou decisivo para abrir novas oportunidades comerciais. A denominación permitiu ordenar o sector, reforzar os controis de calidade e crear unha marca colectiva capaz de competir dentro e fóra de España.

Un proceso que, co paso do tempo, convertería o albariño nunha das variedades brancas máis recoñecidas do panorama internacional.

Un patrimonio construído arredor da vide

A día de hoxe, Bouza do Rei sustenta a súa actividade sobre unha ampla base produtiva. A adega traballa arredor de 155 hectáreas de viñado, repartidas entre explotacións propias e parcelas pertencentes a preto de 300 viticultores colaboradores.

Un dos elementos diferenciais do proxecto é a antigüidade dunha parte importante das súas plantacións. Moitas das cepas superan os 40 anos de idade, algo que contribúe a achegar personalidade aos viños elaborados.

A realidade do minifundio continúa moi presente no territorio próximo á adega. As parcelas son pequenas e, en moitos casos, non alcanzan a media hectárea de superficie. Esta estrutura obriga a manter unha estreita colaboración cos viticultores, que constitúen unha peza fundamental do modelo produtivo.

A nivel laboral, a adega funciona cun equipo reducido de catro traballadores fixos, aos que se suman profesionais especializados durante as campañas de poda, tratamentos fitosanitarios e vendima.

Innovar sen perder a esencia

A evolución tecnolóxica foi unha constante desde os inicios. Se nas primeiras etapas a refrixeración do viño se realizaba mediante sistemas moito máis rudimentarios, a incorporación dos modernos equipos de frío permitiu mellorar notablemente o control dos procesos de elaboración.

A filosofía da empresa, con todo, segue baseada no respecto á materia prima. O obxectivo é preservar o carácter atlántico do albariño e expresar a identidade propia das viñas das que procede a uva.



Esa procura da excelencia complementábase cun sistema de xestión certificado segundo a norma UNE-EN ISO 9001:2015, que abrangue todos os procesos da adega e reforza o compromiso coa mellora continua.

Os albariños Bouza do Rei, Gran Selección e Castel de Bouza constitúen as referencias máis representativas da casa. Xunto a eles, a empresa comercializa distintos destilados e licores elaborados externamente a partir do bagazo procedente da elaboración do viño. Entre eles figuran augardente branca, tostada, de herbas, licor café e crema de augardente.

Exportar para seguir medrando

Un dos mellores indicadores da evolución da adega é a súa proxección exterior. Actualmente, Bodegas Bouza do Rei exporta aproximadamente o 30 % da súa produción e mantén presenza comercial en máis de 50 países.

Estados Unidos figura entre os seus principais mercados, xunto co Reino Unido, México, Holanda, Bélxica, Porto Rico, Xapón, Australia ou Colombia. Un mapa internacional que evidencia a crecente demanda dos viños elaborados baixo o selo Rías Baixas.

A estratexia exterior complementábase coa participación habitual en feiras profesionais de referencia como Alimentaria, en Barcelona; Vinexpo, en París; ou ProWein, en Düsseldorf. Son encontros que permiten establecer contactos comerciais e consolidar relacións con importadores e distribuidores foráneos, sobre todo.

Xunto a isto, a comercialización dos seus produtos distribúese principalmente entre a canle de alimentación e o sector Horeca.

Premios que certifican unha traxectoria

O percorrido de Bouza do Rei está acompañado tamén por numerosos recoñecementos. A adega conseguiu ao longo dos anos primeiros, segundos e terceiros premios na histórica Festa do Albariño de Cambados, considerada unha das grandes referencias do sector.

A esta relación de éxitos súmanse varias medallas de ouro nos Premios Baco, galardóns internacionais obtidos en Bruxelas e diferentes distincións na Cata dos Viños de Galicia organizada pola Xunta.

Remuda xeracional

Nun momento no que a remuda xeracional preocupa a boa parte do sector agrario galego, Bouza do Rei afronta esta cuestión con optimismo. A continuidade familiar está asegurada e a nova xeración participa xa activamente tanto nos traballos agrícolas como na xestión da adega.

Serantes considera que satisfacer as demandas dun mercado global, a adaptación aos novos hábitos de consumo, a procura da sostibilidade e as novas esixencias normativas obrigarán a manter unha permanente capacidade de adaptación para as novas xeracións que se dediquen á elaboración de viños.

Representación de todo un sector

A experiencia acumulada por Isidoro Serantes nesta adega servíulle tamén para asumir unha nova responsabilidade institucional. Desde marzo de 2024 preside o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Compatibilizar ambas as funcións esixe organización, como el mesmo recoñece a Axenda Agraria. Desde a presidencia da denominación, Serantes destaca o labor desenvolvido polo organismo para reforzar a promoción dos viños de Rías Baixas, abrir novos mercados e consolidar a imaxe de calidade asociada ao selo.

Un reto compartido por toda a cadea vitivinícola e no que adegas como Bouza do Rei seguen demostrando que tradición, profesionalidade e visión de futuro non son incompatibles.



Máis de 5.000 persoas consolidan o éxito da XXVII Feira do Viño de Valdeorras



XXXVII Feira do Viño de Valdeorras pechou as súas portas cun balance moi positivo tras reunir a máis de 5.500 visitantes ao longo da fin de semana e servir arredor de 25.000 copas de viños brancos e tintos das adegas participantes.

A cita, que este ano coincidiu coa celebración do 80 aniversario do Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras, confirmou o éxito das principais novidades introducidas nesta edición, entre elas o traslado do recinto ao Paseo do Malecón do Barco de Valdeorras e a ampliación da programación cunha xornada máis de actividade.

As catro sesións celebradas —a noite do venres, o mediodía e a tarde-noite do sábado e a sesión do domingo ao mediodía— rexistraron unha elevada afluencia de público, cun recinto feiral ateigado de visitantes que gozaron dos viños da denominación nun ambiente festivo e familiar.

A feira contou coa presenza de 22 adegas, a cifra máis alta da última década

Récord de participación de adegas

A feira contou coa presenza de 22 adegas, a cifra máis alta da última década, un dato que, segundo a organización, evidencia o bo momento que atravesa o sector vitivinícola valdeorrés e a implicación das adegas na principal cita promocional dos viños da comarca.

Tamén participaron cinco postos de Artesanía Alimentaria —Ánades Galicia, CienPorCel, Queixos Feijoo, Sacrapastas e Xacobleas—, que fixeron un balance moi positivo da feira grazas ao elevado número de persoas que se achegaron aos seus expositores para coñecer, degustar e adquirir os seus produtos.

Ademais das degustacións de viño, a programación incluíu actuacións musicais, propostas gastronómicas, showcookings, obradoiros infantís e actividades para todos os públicos, convertendo o recinto nun espazo de encontro para veciñanza e visitantes chegados de distintos puntos de Galicia e mesmo doutras comunidades autónomas.

“Había alma de festa”

O presidente do Consello Regulador da D.O. Valdeorras, Marcos Prada Ginzo, destacou o éxito do cambio de emprazamento da feira, ao considerar que “permitiu gañar espazo, comodidade e visibilidade tanto para as adegas como para os visitantes”.

Así mesmo, asegurou que durante toda a fin de semana “percibíase á xente desfrutando dos nosos viños, compartindo experiencias e gozando do ambiente. Había alma de festa”. Neste sentido, engadiu que ese ambiente “ten que facer que sintamos orgullo polo noso territorio e polo excelente traballo que hai detrás de cada botella que se produce na comarca”.

Como peche, a organización fai un balance moi satisfactorio desta XXVII edición, que consolida a Feira do Viño de Valdeorras como un dos grandes escaparates para a promoción dos viños da denominación e como unha cita de referencia no calendario enogastronómico galego. O éxito de participación, a boa acollida das novidades e a elevada implicación das adegas e do público reforzan a aposta por un evento que continúa medrando e contribuíndo á proxección e dinamización da comarca.



A Semana Verde consolídase como o gran escaparate do sector agroalimentario galego

Acorenta e oito edición da Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia pechou as súas portas cun balance moi positivo, consolidándose como o principal punto de encontro para os sectores agroalimentario, gandeiro, forestal e turístico de Galicia. O certame reuniu dende o 4 ao 7 de xuño a 793 expositores directos de seis países, a mellor cifra dos últimos dezano-ve anos, ademais de 423 firmas representadas procedentes de 28 países, e recibiu un total de 109.480 visitantes.

A feira destacou pola súa intensa actividade comercial. O Salón de Alimentación Salimat

Abanca celebrou 1.200 reunións de negocio entre 130 empresas e 31 importadores e distribuidores de quince países, confirmando o seu papel como plataforma para a internacionalización das empresas agroalimentarias galegas. Pola súa banda, Turexpo Galicia desenvolveu 2.500 encontros profesionais entre empresas e turoperadores internacionais, reforzando a promoción do turismo vinculado ao territorio.

No ámbito gandeiro, a presenza das razas autóctonas de Galicia foi un dos grandes atractivos, con exposicións, concursos morfolóxicos, exhibicións de doma e demostracións da tradicional rapa das

bestas. O programa completouse con mostras de ovino selecto, cabalos de Pura Raza Española e diversas xornadas técnicas dirixidas aos profesionais do sector.

Ademais da súa vertente profesional, Semana Verde ofreceu máis de 200 actividades para todos os públicos, incluíndo demostracións cinexéticas, exhibicións ecuestres, concursos, showcookings, catas e actividades divulgativas. O amplo respaldo institucional e a elevada participación de empresas e visitantes permiten afrontar con optimismo a corenta edición, mentres a organización xa pon o foco no cincuenta aniversario do certame.

ASÍ, SI

O REI DO **GODELLO** É
MONTERREI
Denominación de Orixe



*Solicitada
Ayuda Feader otorgada con fondos do PERAC cun financiamento do 90% e importe da axuda de 400.000,00 euros*



A Asociación de GDRs de Galicia participa no evento “Somos LEADERs” e reivindica o futuro do desenvolvemento rural



rais. Segundo lembrou, entre 2014 e 2022 mobilizáronse preto de 1.000 millóns de euros a través dos 253 Grupos de Acción Local existentes en España, favorecendo a creación de máis de 11.900 empregos e miles de proxectos de desenvolvemento local.

A delegación galega participou nun foro de coordinación entre administración e entidades responsables da aplicación da metodoloxía LEADER

A Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia participou en Jerez de la Frontera no encontro estatal “Somos LEADERs”, organizado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), unha cita que reuniu representantes dos Grupos de Acción Local de toda España para analizar os retos do desenvolvemento rural e compartir experiencias de éxito.

A delegación galega tomou parte tamén na novena reunión do Grupo LEADER, un foro de coordinación entre administracións e entidades responsables da aplicación desta metodoloxía, no que se abordaron cuestións relacionadas coa execución dos fondos europeos, a simplificación da xestión e o futuro das políticas de desenvolvemento rural.

Durante esta reunión, o xerente do GDR Ordes-ASDECOMOR, Domingo Lojo

Caamaño, participou na mesa de traballo dedicada á gobernanza LEADER, onde expuxo a experiencia do territorio galego e se debateron aspectos como a evolución do programa, os modelos de gobernanza máis eficaces e os desafíos que afronta o rural.

No evento “Somos LEADERs”, a Asociación de GDRs de Galicia contou cun stand propio no que deu visibilidade ao traballo desenvolvido polos grupos das catro provincias galegas. Ademais, proxectouse de maneira continuada un vídeo conmemorativo dos 35 anos da metodoloxía LEADER en Galicia, destacando a súa contribución á dinamización económica e social do medio rural.

A secretaria de Estado de Agricultura e Alimentación, Begoña García Bernal, puxo en valor o papel de LEADER como unha ferramenta esencial para impulsar o desenvolvemento dos territorios ru-

Recoñecemento

Un dos momentos máis destacados da xornada foi o recoñecemento concedido polo Ministerio ao presidente da Asociación de GDRs de Galicia, José Antonio Santiso, pola súa traxectoria e polo seu compromiso coa innovación, a creación de oportunidades e a revitalización do medio rural.

Tras recibir a distinción, Santiso destacou que LEADER “ten demostrado ser unha ferramenta eficaz para impulsar o desenvolvemento do territorio” e defendeu a necesidade de seguir reforzando este modelo participativo, especialmente en comunidades como Galicia, onde o rural desempeña un papel fundamental. Así mesmo, reclamou que as institucións europeas continúen apostando por esta metodoloxía e a doten dos recursos necesarios para seguir promovendo emprego, emprendemento, cohesión social e fixación de poboación nos territorios rurais.



Compartimos a vida

GADIS



Evolya™

Controla las malas hierbas
desde el comienzo



Evolya™

syngenta®



© 2025 Syngenta. Todos los derechos reservados. ™ y ® son marcas comerciales del Grupo Syngenta.
Use los productos fitosanitarios de manera segura.
Lea siempre la etiqueta y la información sobre el producto antes de usarlo.

®